



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias abril 2019

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de abril do ano 2019 acadou a cifra de 1.010.592 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de marzo de 2019 de 6.187 afiliacións (0,62%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.230.362, rexistrando un aumento do 0,98% con respecto ao pasado mes de marzo.

Na comparativa interanual (abril de 2019 con abril de 2018) obsérvase un incremento de 21.176 afiliacións no total do sistema en Galicia (2,14%), e un incremento do 2,95% (551.901 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de marzo de 2019, todas elas rexistran un aumento das afiliacións, destacando principalmente Illes Balears (10,24%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse en: Castilla La Mancha, Madrid, Comunitat Valenciana, Navarra, Murcia, Andalucía e Aragón (todas elas con taxas superiores ao 3,0%). En senso contrario, os menores crecementos rexístranse en Asturias, Castilla y León, País Vasco e Cantabria (todas elas con taxas inferiores a o 2,0%).


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA ABRIL 2019	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	19.230.362	186.786	0,98	551.901	2,95
Galicia	1.010.592	6.187	0,62	21.176	2,14
Andalucía	3.154.371	41.670	1,34	97.254	3,18
Aragón	571.940	3.129	0,55	16.966	3,06
Asturias	364.436	2.884	0,80	4.451	1,24
Illes Balears	504.941	46.922	10,24	12.903	2,62
Canarias	810.122	882	0,11	21.119	2,68
Cantabria	216.636	2.987	1,40	4.035	1,90
Castilla La Mancha	698.420	185	0,03	25.869	3,85
Castilla y León	914.881	4.483	0,49	13.925	1,55
Cataluña	3.443.914	33.408	0,98	92.327	2,75
Comunitat Valenciana	1.905.142	13.627	0,72	64.916	3,53
Extremadura	395.122	4.457	1,14	11.072	2,88
Madrid	3.221.998	12.775	0,40	115.880	3,73
Murcia	591.997	7.413	1,27	18.335	3,20
Navarra	286.319	2.775	0,98	9.034	3,26
País Vasco	963.089	2.814	0,29	17.575	1,86
La Rioja	128.801	180	0,14	2.739	2,17
Ceuta e Melilla	47.641	9	0,02	2.327	5,14

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de marzo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 2,64%, o que supón 9.073 afiliacións máis, seguida de A Coruña (2,38%), Lugo (1,60%) e, xa en menor medida, Ourense (0,09%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de abril con respecto ás do mes de marzo de 2019, rexistrouse en Galicia un aumento do 0,62%. Todas as provincias amosan datos positivos, producíndose os maiores aumentos en Pontevedra e A Coruña (0,75% en ambas).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA ABRIL 2019	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	434.216	2.513	0,58	10.081	2,38
LUGO	122.402	906	0,75	1.928	1,60
OURENSE	101.754	152	0,15	94	0,09
PONTEVEDRA	352.220	2.616	0,75	9.073	2,64
GALICIA	1.010.592	6.187	0,62	21.176	2,14
ESPAÑA	19.230.362	186.786	0,98	551.901	2,95


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,1% das afiliacións galegas en abril de 2019, medraron un 0,78% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 3,22%. En España estas taxas foron do 1,10% con respecto a marzo de 2019 e do 3,47% en relación ao mes de abril de 2018. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (70,8%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -1,27%. Para este réxime e con respecto ao mes de marzo de 2019, todas as provincias rexistran taxas positivas, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do 0,17%. As taxas nacionais para este réxime presentan un aumento con respecto a marzo de 2019 (0,39%) e tamén con respecto a abril de 2018 (0,61%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a abril de 2018 Lugo é a única provincia con taxa positiva (1,94%), mentres que o maior descenso rexístrase en A Coruña (-5,19%). A taxa galega sitúase entón no -2,04%, inferior á de España (0,25%). No caso das taxas intermensuais (con respecto a marzo de 2019), o único descenso prodúcese en A Coruña cunha taxa moi negativa (-5,00%) e o maior ascenso corresponde a Lugo (4,77%), polo que a taxa galega amosa unha diminución do 1,02% con respecto a marzo de 2019. A taxa nacional é do 0,91%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN ABRIL 2019	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	434.216	0,58	2,38
LUGO	122.402	0,75	1,60
OURENSE	101.754	0,15	0,09
PONTEVEDRA	352.220	0,75	2,64
GALICIA	1.010.592	0,62	2,14
ESPAÑA	19.230.362	0,98	2,95
R. XERAL			
A CORUÑA	342.830	0,79	3,34
LUGO	86.655	0,92	3,43
OURENSE	77.859	0,19	1,47
PONTEVEDRA	271.745	0,90	3,53
GALICIA	779.089	0,78	3,22
ESPAÑA	15.897.052	1,10	3,47
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	85.626	0,15	-0,78
LUGO	34.167	0,13	-2,77
OURENSE	23.894	0,01	-4,14
PONTEVEDRA	66.957	0,26	-0,05
GALICIA	210.644	0,17	-1,27
ESPAÑA	3.266.741	0,39	0,61
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.760	-5,00	-5,19
LUGO	1.580	4,77	1,94
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.518	0,12	-1,09
GALICIA	20.858	-1,02	-2,04
ESPAÑA	65.012	0,91	0,25

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>